

## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS DO CONCELLO DE ORDES (EXP. 2018/E001/000001)**

### **1º EXERCICIO. Cuestionario tipo test. RECLAMACIÓNS**

En Ordes, a 20 de decembro de 2018, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS**, convocada por resolución de alcaldía de data 7 de setembro de 2018.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- María José Nartallo Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.
- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- Yolanda Castro Mosquera, funcionaria escala administración xeral, subescala administrativa.

Actúa como Secretario do Tribunal, Pilar Rey Rodís, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente a dar conta da reclamación suscitadas á valoración realizada correspondente ao 1º Exercicio. Cuestionario tipo test.

- **JUAN ANTONIO BOTANA VILLAVERDE**, con DNI nº 4\*9\*7\*4\*P, presentada con data 14/12/2018, rexistro de entrada nº 6181.

### **RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JUAN ANTONIO BOTANA VILLAVERDE**

Solicita a revisión das preguntas nº 20 e nº 21, por considerar que as respostas sinaladas polo aspirante letras c), son as correctas e non as indicadas por este tribunal, letras a). Xustifícase a resposta outorgada no **Protocolo de vixilancia e control fronte á avésa asiática (avespa velutina)**, que se utilizou como manual para a redacción das preguntas do 1º exercicio.

As preguntas formuladas foron as seguintes:

**20. ¿Que tipo de traxe se debe utilizar para as tarefas de eliminación dun niño de avésa velutina?.**

- a. Un traxe específico.
- b. Un traxe de apicultor.
- c. Todas as anteriores son correctas.

**21. ¿Cales é o procedemento de eliminación dos niños de avésa velutina?.**

- a. Aplicación de insecticida no burato de entrada, selado do burato mediante espuma de poliuretano, introdución nunha bolsa para a súa posterior destrución por incineración.
- b. Aplicación dun veneno no niño, selado do burato e introdución nunha bolsa para a súa posterior destrución por conxelación.
- c. Todas as anteriores son correctas.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### PREGUNTA Nº 20

O Protocolo de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina), na páxina 22, sinala:

**"7.3.3.- Medidas de Prevención e Seguridade.** O aguillón da avésa mide 6 mm polo que se debe usar un traxe específico para estas tarefas. **En ausencia desta equipación específica, usarase un dobre traxe de apicultor, ou ben un traxe interior de traballo e por enriba un traxe de apicultor.** É necesario usar luvas e máscara, xa que o veneno da avésa, nos momentos de excitación desta, pode ser chegar aos ollos sen necesidade de picadura".

Tendo en conta o anterior, como medida de prevención e seguridade no procedemento de eliminación dun niño dunha avésa debe usarse, **en primeiro lugar un traxe específico para estas tarefas. Carecendo do mesmo, UN DOBRE TRAXE DE APICULTOR** ou traxe interior de traballo e **por riba un traxe de apicultor.**

O aspirante afirma, incorrectamente, na súa reclamación que o Protocolo establece a obrigatoriedade de utilizar un traxe de apicultor, ao empregar o verbo "usarase" e non a expresión "pódese usar" ou "recoméndase usar". A maiores, sinálase que as fotografías que recolle o Protocolo amosas a operarios utilizando un traxe de apicultor.

O Protocolo non pon en igualdade de uso como medida de prevención e seguridade a utilización dun traxe específico e un traxe de apicultor. Primeiro, por que a utilización dun traxe de apicultor é en ausencia dun traxe específico, e segundo, por que en ausencia desa equipación específica indica que debe usarse un **DOBRE** traxe de apicultor, a utilización dun **SIMPLE** traxe de apicultor é insuficiente para as tarefas de eliminación dun niño de avésa. Este debe ser dobre, se non ten que ir **necesariamente** por riba dun traxe interior de traballo.

Tendo en conta a anterior a resposta correcta á pregunta nº 20 suscitada polo Tribunal é a letra a), procedendo a desestimación da reclamación presentada.

### PREGUNTA Nº 21

O Protocolo de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina), nas páxinas 22 e 23, sinala:

**"7.3.4.- Procedemento de eliminación e retirada.** Para a eliminación aplicarase insecticida no burato de entrada do niño mediante inxección directa (...). Realizarase o selado do burato do niño mediante espuma de poliuretano para evitar a saída de individuos da colonia (...). Unha vez separado o niño do seu lugar de suxeición, introducirase nunha bolsa de plástico para a súa posterior destrución. **Os niños primarios de pequeno tamaño poden ser destruídos tamén mediante conxelación durante un tempo superior a dúas horas. O niño destruírase preferentemente por incineración (...).**"

O aspirante entende que o Protocolo e o enunciado da pregunta do test non distinguen segundo que tipo de niños se trate, polo que os procedementos de eliminación e retirada enunciados nas letras a) e b) da pregunta son correctos, e por tanto á resposta á pregunta formulada sería a letra c).

O Protocolo na descrición do procedemento de eliminación e retirada de niños de avésa velutina, sinala en primeiro lugar que **se aplicará INSECTICIDA**, seguidamente realizarase o selado do burato e por último a súa destrución, **preferentemente por incineración.** A maiores **os niños primarios de pequeno tamaño poden destruírse por conxelación.**



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Un veneno é unha substancia química que introducida nun ser vivo, é capaz de producir graves alteracións funcionais e incluso a morte. Un insecticida é un composto químico utilizado para matar insectos.

Afirmar como correcto que a utilización dun veneno, de forma xenérica, é o procedemento correcto para a eliminación dun niño de avessa velutina é erróneo. A maiores debe indicarse que a destrución por conxelación unicamente se indica para os niños primarios de pequeno tamaño.

Tendo en conta o anterior, o procedemento ordinario e correcto de eliminación e retirada dun niño de avessa velutina é a aplicación de insecticida no burato de entrada, selado do burato mediante espuma de poliuretano, introdución nunha bolsa para a súa posterior destrución por incineración. Polo que a resposta correcta á pregunta formulada por este tribunal necesariamente debe ser a letra a), procedendo a desestimación da reclamación presentada.

Non sendo estimadas ningunha das reclamacións presentadas polo Sr. Botana Villaverde, elévase a definitiva a valoración das respostas ao 1º Exercicio. Cuestionario tipo test, realizada con data 13/12/2018, que é a seguinte:

ASPIRANTE	DNI / NIE	Puntuación
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H	10,00
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P	8,20
Gil Rosende, Juan	4*8*5*4*Q	6,60
Pernas Moar, José Ramón	7*3*3*8*Q	4,00


**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección resolvendo as reclamacións suscitadas poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

O Tribunal acorda sinalar para a celebración do 2º Exercicio o día 26 de Decembro de 2018, as 12,00 horas na nave do Concello do Polígono Industrial de Merelle.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as dez horas quince minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente

Jesús Carreira Salvadores



A Secretaria

Pilar Rey Rodís